



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA**  
**POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 08/05/2010.**

**Alcalde Presidente:**

**D. Secundino García Casal.**

**Concelleiros presentes:**

**D. Manuel Varela Mecias.**

**D. Xosé López Gudín.**

**D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira**

**D. Jesús Manuel Soto Vivero.**

**D. Constantino Bedoya Vázquez.**

**D. Hipólito Díaz Silva.**

**D. Juan Antonio Hermida Tembrás.**

**D. José Serafín Gudín Sabín.**

**D. José Romero Ledo.**

**D. Fernando Márquez Hermida.**

**Secretario:**

**D. Miguel A. Arroyo Moreno.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos deste sábado día oito de maio de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de marzo do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

**SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS A CESIÓN DO CENTRO DE SAÚDE E P.A.C..**

Dase conta do expediente tramitado para a cesión ó Servizo Galego de Saúde da titularidade do edificio no que ven funcionando o Centro de Saúde e PAC deste Concello, iniciado mediante acordo inicial cesión adoptado en novembro de 2008, que foi exposto ó público sen que se presentase alegación algunha. Nesa mesma sesión foi acordado o cambio



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

de calificación xurídica do inmoble de que se trata, que pasou a ser ben patrimonial. Dase conta polo Sr. Secretario-Interventor de que os acordos relativos a este asunto requiren maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. O expediente foi dictaminado favorablemente no seu momento pola comisión informativa competente deste Concello. Tras unha breve explicación do Sr. Alcalde, os portavoces dos grupos políticos manifestan a súa conformidade co contido dos acordos a adoptar.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos nesta sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente a cesión gratuita do edificio no que ven funcionando o Centro de Saúde e PAC deste Concello ó Servizo Galego de Saúde, cesión que se manterá vixente mentres o edificio conserve a súa adscripción á prestación do servizo público de titularidade da Xunta de Galicia de Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada, e sometendo expresamente esta cesión a condición resolutoria en caso de que se produza calquera cambio de uso.

2º.- Ordear a remisión dunha certificación do presente acordo, que pon fin ó expediente para a cesión de que se trata, ó Servizo Galego de Saúde.

3º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

### **TERCEIRO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.**

Dase conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno e do contido das resolucións da Alcaldía dictadas tras o pleno ordonario do mes de marzo, que os concelleiros xa coñecen polas actas da Xunta, nas que se da conta delas.

Dase conta expresamente do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión do 22 de marzo, de solicitude de subvención ó abeiro do establecido na Orde de 19 de febreiro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se rexe a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, para a financiación das actividades do Concello en materia de servizos sociais, que seguen a realizarse do mesmo modo que en exercicios anteriores.

A Corporación queda enterada do contido deses acordos e resolucións.

### **CUARTO. ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Bedoya pregunta pola reparación do merendeiro de Santa Mariña, que apareceu queimado e cuxa reconstrucción foi comprometida hai meses polo grupo de goberno.

O Sr. Alcalde resposta que esa reparación se fará coa brevidade posible, e que se tratará de reparar a cuberta con outro material, para que non lle suceda algo similar.

Pregunta tamén o Sr. Bedoya polo mantemento dos aparatos do parque infantil adicado ó practicante Freijomil, que se atopan algo descoidados, respostándose polo Sr. Alcalde que ese parque xa está adaptado á normativa máis recente sobre características dos



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

parques infantís, e que as necesarias tarefas de mantemento realizaranse en breve co persoal que o Concello vai contratar mediante os habituais convenios para contratación de desempregados, financiados pola Xunta. Di tamén que pode ser que algún dos parques infantís existentes, moi pouco usado, acabe sendo desmontado, debido ó excesivo coste económico da súa adaptación á normativa vixente en materia de seguridade.

Tamén o Sr. Bedoya pregunta de seguido por un sinal informativo ubicado na estrada xeral, cerca do límite co Concello de Moeche, que se atopa arrincado e fora do seu lugar e pode constituir un perigo para o tránsito, coa conseguinte responsabilidade para o Concello.

O Sr. Alcalde resposta que a empresa que está a realizar as obras de mellora da estrada foi quen retirou provisionalmente o sinal, co permiso do Concello e mentres duran as obras, comprometéndose á súa reubicación no lugar máis axeitado cando esas obras rematen.

Toma a palabra de seguido o Sr. Romero, para formular a proposta de que na saída da autovía das Pontes en Igrexafeita, nun espazo libre xunto ó hórreo existente, se acondicione polo Concello unha pequena zona de estacionamento. Solicita tamén que se retiren algúns sinais indicativas direccionais de núcleos, debido a que desde a apertura da autovía, as pistas que sinalizan xa non conducen ós lugares neles indicados porque quedaron cortadas.

O Sr. Alcalde di que o do axardinamento e acondicionamento da área de aparcamento xa se falou coa directiva da asociación Adiante, e que se dará traslado da solicitude á Xunta, por ser a titular da estrada, e que a retirada da sinalización obsoleta se fará en breve, cando se contrate mediante convenio con Traballo o persoal de mantemento que se emprega cada ano.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e corenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

**O ALCALDE PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**